

# **INCLUSIÓN EDUCATIVA. DUA, XESTIÓN DE AULA E METODOLOXÍAS ACTIVAS**

## **OBXECTIVOS**

1. Aprender sobre a xestión da aula e a utilización de metodoloxías activas para a inclusión.
2. Aprender sobre deseño universal da aprendizaxe (DUA).
3. Aprender a aplicar os contidos aprendidos na formación en proxectos de aula.

## **CONTIDOS**

1. Xestión de aula e utilización de metodoloxías activas para a inclusión do alumnado.
2. Deseño universal da aprendizaxe (DUA).
3. Aplicación dos contidos sobre DUA, xestión de aula e metodoloxías activas para a inclusión do alumnado.

## **SESIÓNS DE FORMACIÓN**

### **SESIÓN 1: docencia con Lara Crespo**

Temas tratados:

- As barreiras na aula.
- Claves para comezar no DUA (marco DUA 3.0).
- Estratexias multinivel.
- Deseño de actividades multinivel dende o currículo.

## **SESIÓN 2: docencia con Olalla Méndez**

Temas tratados:

- Educación inclusiva: atender á diversidade máis alá das NEAE ( técnicas de aprendizaxe cooperativo, diferenza entre inclusión e integración, detectar barreiras diarias, a inclusión educativa é un dereito humano)
- A inclusión educativa nas sesións de avaliación (as etiquetas na avaliación)

## **SESIÓN 3: docencia con Olalla Méndez**

Temas tratados:

- Avaliación das necesidades educativas da aula: necesidades detectadas e intervención.
- Ferramentas para a xestión de aula: propostas para a xestión de aula, propostas para a xestión de centro, perfil de aula para determinar fortalezas, necesidades, intereses e estilo de aprendizaxe do alumnado.
- Ensinanza multinivel: deseño de actividades multiniveladas.

## **TRABALLO GRUPAL. PROXECTO: PROFESOR - OBSERVADOR**

Para facer efectivo todo o aprendido, acordamos levar a cabo o seguinte proxecto: cada membro do grupo de traballo preparou unha sesión docente, con enfoque DUA e empregando metodoloxías inclusivas, que puxo en práctica co seu alumnado. Un ou dous compañeiros do grupo actuaron como observadores de aula, cunha triple finalidade: aprender uns dos outros, avaliar a nosa práctica docente e propor melloras que contribúan á inclusión do noso alumnado.

Elaboramos unha rúbrica para facilitar o traballo dos observadores das distintas sesións docentes.

Fixemos o calendario para por en marcha o proxecto, en horario lectivo do profesor, evidentemente, e en horas libres dos observadores. Organizamos de tal xeito que todos os membros do grupo puidesen exercer como docentes e como observadores, atendendo ás finalidades do proxecto.

## RÚBRICA DE OBSERVACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Enfoque: DUA e metodoloxías activas

**Docente observado/a:**

**Materia, Curso e Grupo:**

<b>Docente observador/a:</b>	<b>1 - Inexistente</b>	<b>2 - Aceptable</b>	<b>3 - Notable</b>	<b>4 - Excelente</b>
<b>Aspecto a avaliar</b> <b>Organización da sesión</b>	Non se explicita a estrutura.	Estrutura pouco clara ou parcial.	Estrutura clara e anticipada ao inicio.	Estrutura visible, anticipada e retomada durante a sesión.
<b>Activación de coñecementos previos</b>	Non hai activación inicial.	Pregunta puntual sen continuidade.	Estratexia clara para recuperar aprendizaxes previas.	Activación significativa que orienta a nova aprendizaxe.
<b>Obxectivos claros e compartidos</b>	Non se explicitan obxectivos.	Obxectivos xenéricos ou implícitos.	Obxectivos claros vinculados ás actividades.	Obxectivos comprensibles e revisados ao longo da sesión.
<b>Actividades multinivel</b>	Tarefa única para todo o grupo.	Adaptacións improvisadas e pouco estruturadas.	Diferentes niveis de reto planificados.	Deseño multinivel integrado con opción real de elección.
<b>Verificación da comprensión</b>	Non se comproba a comprensión.	Pregunta xeral ao grupo sen evidencias reais.	Estratexias variadas para comprobar comprensión.	Avaliación continua con axustes inmediatos.
<b>Feedback de calidade</b>	Non hai retroalimentación.	Feedback xenérico ('ben', 'mal').	Feedback específico orientado á mellora.	Feedback frecuente que promove autorregulación.
<b>Diferentes vías de comunicación</b>	Unha única forma de participación.	Alternativas limitadas e pouco estruturadas.	Varias vías planificadas (oral, escrita, visual...).	Flexibilidade real na expresión e elección do alumnado.

**Outras observacións:**

## TÁBOA DE RESULTADOS

ÍTEMS DE AVALIACIÓN (INDICADORES)	APLICACIÓN ( nº de profesores)	PORCENTAXE (%)
Organización da sesión	14	100%
Activación de coñecementos previos	14	100%
Obxectivos claros e compartidos	14	100%
Actividades multinivel	7	50%
Verificación da comprensión	14	100%
Feedback de calidade	14	100%
Diferentes vías de comunicación	14	100%

### CONCLUSIÓNS:

Á vista dos resultados, o 100% do profesorado participante é quen de por en práctica metodoloxías inclusivas, proporcionando apoio educativo ao seu alumnado dentro da aula.

A fiabilidade dos resultados hai que tomala con cautela, dado que os datos correspóndense coa observación dunha única sesión docente, planificada e con coñecemento da rúbrica que se ía utilizar na observación, e non mostra a práctica docente diaria dun curso completo.

### PROPOSTAS DE MELLORA:

Ademais de precisar sesións máis longas e máis horas lectivas, é necesario mellorar a nosa formación en actividades multinivel e no traballo cooperativo, que foron os dous puntos nos que atopamos maiores dificultades. O ideal sería que a maioría do profesorado do centro se implicase na posta en práctica de metodoloxías inclusivas e que ditas metodoloxías formasen parte do proxecto educativo de centro.



Imaxe dunha sesión de observación de aula